



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR DE MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS (QUENDA LIBRE) INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020.

Reunido o Tribunal cualificador o 02 de febreiro de 2021 adoptou os seguintes acordos:

MEDIDAS DE PREVENCIÓN, PROTECCIÓN E HIXIENE FRONTE AO COVID-19 QUE DEBERÁN OBSERVARSE DURANTE A CELEBRACIÓN DO PROCESO SELECTIVO.- Ante a situación sanitaria provocada pola Covid-19, vistas as medidas de prevención e hixiene fronte a Covid-19 para a realización de probas selectivas remitidas polo técnico superior de prevención de riscos laborais do Servizo de Persoal do Concello de Pontevedra e as recomendacións das autoridades sanitarias e normativa aplicable a nivel autonómico e estatal, o Tribunal acorda, por unanimidade, establecer as seguintes medidas xerais de prevención, protección e hixiene fronte ao Covid19 coa finalidade principal de garantir a máxima seguridade sanitaria dos membros do Tribunal, persoal colaborador e auxiliar, así como dos aspirantes que participen nas distintas probas do proceso selectivo, que se deberán respectar e cumprir en todo o proceso selectivo, sen prexuízo da normativa de obrigado cumprimento aprobada pola Xunta de Galicia e polo Goberno do Estado:

1. MEDIDAS XERAIS DE PREVENCIÓN

Con carácter xeral é fundamental observar as seguintes medidas:

- Hixiene de mans de forma frecuente e meticulosa.
- Cubrirse o nariz e boca cun pano ao tusir e espirrar e desbotalo nunha papeleira ou cubo de lixo. De non dispor de panos, empregar a parte interna do cóbado para no contaminar as mans.
- Evitar tocarse os ollos, o nariz e a boca.
- Manter una distancia interpersonal de 1,5 ou superior, nos termos determinados polas autoridades sanitarias.
- Utilizar máscara hixiénica de seguridade en todo momento.

2. MEDIDAS ESPECÍFICAS DIRIXIDAS Á PROTECCIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

No desenvolvemento da probas selectivas, as persoas aspirantes terán en conta o seguinte:

- Non poderán acceder ao lugar das probas **persoas con síntomas compatibles co COVID-19**, ás que se lles diagnosticaron a enfermidade e que non finalizaran o período de illamento requirido ou as que se encontren en período de corentena.
- No caso de que a persoa participante pertenza a **poboación vulnerable** para COVID-19 deberán seguir as indicacións do seu profesional sanitario de referencia respecto das medidas de prevención máis adecuadas.
- As persoas **participantes con diversidade funcional** ou necesidades específicas, facilitaráselles as adaptacións que precisen cos criterios de prevención que sexan necesarios.
- A fin de **evitar aglomeracións** na entrada ao lugar das probas, deberase acceder ao centro ou instalacións sen a compañía de terceiras persoas, salvo que se precise do seu auxilio por razóns de disfuncionalidade.



- As persoas aspirantes **deberán acudir con máscara** e permanecer con ela posta de forma correcta durante todo o tempo de permanencia no centro ou instalacións onde teña lugar a proba, manter a **distancia de seguridade interpersoal** (de 1,5 ou superior), seguir o percorrido indicado así como aquelas outras indicacións que emitan os membros do tribunal cualificador ou as persoas colaboradoras.
- Non se poderá permanecer en corredores nin zoas comúns, nin agardar ao resto de aspirantes dentro das instalacións ou no interior do centro onde teñan lugar as probas selectivas.
- No caso de emprego de material de uso persoal (como bolígrafos) facilitado pola Administración para o desenvolvemento da proba, **non se devolverán por parte dos aspirantes ao tribunal**, por motivos de prevención sanitaria.
- Os **xustificantes de asistencia** ás probas selectivas non se emitirán nin entregarán por parte do tribunal cualificador en soporte papel no mesmo acto da proba, se non que deberán solicitarse por rexistro, preferentemente a través da Sede electrónica, debendo sinalarse unha dirección de correo electrónico para a súa remisión por parte do tribunal do correspondente xustificante de asistencia na maior brevidade posible.
- Sen prexuízo do anterior, os tribunais cualificadores poderán adoptar aquelas outras medidas de prevención específicas que consideren necesarias en función das particularidades tipoloxía de proba a realizar, as cales deberán ser respectadas e cumpridas polas persoas aspirantes. Para estes efectos, poderase consultar co técnico de prevención de riscos laborais do Concello.

3. MEDIDAS XERAIS DE INFORMACIÓN E ACTUACIÓN

Con carácter xeral informase as persoas aspirantes das seguintes medidas:

- **Antes da realización da proba:** hixiene de mans, distancia interpersoal de polo menos 1,5 metros, uso correcto de máscara, etiqueta respiratoria.
- Lembrese a necesidade de respectar as **medidas de prevención indicadas nos medios de transporte**, tanto públicos como privados, que se poidan utilizar para o desprazamento aos lugares de exame, segundo a lexislación vixente.
- No acceso ás instalacións, centros, edificios ou aulas se porá a disposición das persoas aspirantes e dos membros do tribunal **envases de xel** con preparados de base alcohólica para realizar a hixiene de mans, polo menos ao entrar e saír, e sempre que sexa preciso.
- O tribunal disporá de máscaras hixiénicas para os casos de ser necesaria a súa entrega aos aspirantes, sen prexuízo da obriga de presentarse no lugar da proba provisto de máscara hixiénica.
- Habilitarase un **espazo separado** para as persoas que acrediten a condición de **colectivo vulnerable** polo covid- 19
- A **limpeza e desinfección das instalacións** efectuarase antes e despois de finalizar as probas de cada proceso selectivo.
- O uso do aseo realizarase de forma individual, seguindo as instrucións dos membros do tribunal e as regras xerais establecida en cada centro.
- Deberán de acceder ás instalacións onde se realizan os exames co menor número de pertenzas persoais posibles que serán depositadas nunha bolsa facilitada polo Tribunal e deixalas non chan debaixo da mesa ao seu carón.
- Tendo en conta a posible concorrencia de persoas, non está permitido o uso de tabaco ou de cigarros electrónicos no aparcadoiro durante a espera e o chamamento das persoas aspirantes, ao non poder garantir en todo o momento a distancia de dous metros con outras persoas.

CHAMAMENTO DO PRIMEIRO EXERCICIO.- Ao obxecto de garantir o cumprimento das medidas adoptadas ou que poidan ser adoptadas polas autoridades sanitarias en relación coa Covid-19, as persoas aspirantes terán en conta as seguintes medidas no chamamento á primeira proba do proceso selectivo, exercicio tipo test:



- O chamamento realizarase pola porta de entrada situada na rúa Alexandre Bóveda s/n, polo que deberán permanecer diante de dita porta evitando aglomeracións e gardando a distancia mínima de seguridade de 1,5 metros entre as persoas e sempre co uso obrigatorio da máscara.

O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) o contido acordado en relación ás medidas de prevención e hixiene fronte a Covid-19.

A secretaria do tribunal, en Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

